



Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

CONCELLO DE
A FONSAGRADA

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía de data 05 de decembro de 2019 aprobáronse as bases para a contratación temporal dun/dunha monitora sociocultural e de turismo coa seguinte redacción:

BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/DUNHA MONITOR/A SOCIOCULTURAL E DE TURISMO

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación como persoal laboral temporal a xornada completa dun/dunha monitor/a sociocultural e turístico coas funcións de:

- Colaborar nas tarefas de xestión e programación cultural e turística.
- Realización e xestión de programas relacionados coa promoción cultural e turística.
- Realizar traballos de atención, información e asesoramento ao movemento asociativo do concello, así como tamén ao público en xeral en materia cultural e turística.
- Realización de tarefas de información ao público na oficina de turismo.
- Colaborar cos centros educativos e asociacións do concello nas súas actividades culturais.
- Realizar todo tipo de traballos administrativos (oficios, circulares informativas, cartas, envío de correspondencia, etc) derivados da programación de cultural e turística.
- Desenvolver e colaborar nos programas de animación cultural e promoción turística doutros organismos.
- Aqueles outros que, acordes co seu nivel de coñecementos, se deriven da actividade do departamento.
- En xeral, realizar todas aquelas tarefas relacionadas coa posta en funcionamento e desenvolvemento das actividades culturais e turísticas que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno.

2. PERÍODO DE CONTRATACIÓN E RETRIBUCIÓNS


O contrato estenderase dende a data da súa formalización ata o 31 de decembro do 2020.

As retribucións brutas mensuais serán de 1197,93 € brutos mensuais mais dúas pagas extraordinarias.

A xornada de traballo será de 40 horas semanais prestadas en horario a fixar polos órganos de goberno, tendo en conta os horarios de apertura da Oficina de Turismo.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso de selección os aspirantes deberán reunir na data de finalización do prazo de presentación das instancias os seguintes requisitos:





Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

CONCELLO DE
A FONSAGRADA

- a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que viven ás súas expensas.
- b) Posuér capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumplidos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- e) Posuér titulación de bacharelato ou equivalente.
- f) Estar en posesión do carné de conducir B.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

4. PUBLICIDADE

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación dun anuncio no BOP de Lugo. As bases completas publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os que desexen participar no proceso de selección deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo modelo oficial que se inclúe como Anexo I ás presentes bases, no prazo de 7 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Se o último día coincidise en día inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- c) Fotocopia cotexada dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen.
- d) Fotocopia cotexada do carné de conducir B.
- e) Xustificante de ter ingresado a taxa por dereitos de exame, segundo o establecido no artigo seguinte.

Cod. Validación: 654KFZPG6GERNTZM73AHDCFV7 | Corrección: <http://concellofonsagrada.sedelectronica.es/>
Documento assinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 2 a 7



Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

CONCELLO DE
A FONSAGRADA

A presentación de solicitudes farase no Rexistro do Concello da Fonsagrada ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (Nº de fax 982340001).

6. TAXA POR DEREITOS DE EXAME

Os aspirantes de desexen participar no procedemento selectivo deberán aportar xunto coa solicitude xustificante de ter ingresado a taxa por dereitos de exame de 15 €. O aboamento da taxa realizarase dentro do período de presentación das solicitudes mediante transferencia bancaria na conta número ES12 2080 0118 4331 1000 0028 de ABANCA.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos e publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, concedendo un prazo de 3 días para subsanación de defectos.

Unha vez transcorrido o prazo de subsanación de deficiencias publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos.

8. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso - oposición, que se desenvolverá en dúas fases:

Fase I.- Proba escrita

Proba escrita, obligatoria e eliminatoria. Valorarase cun máximo de 6 puntos.

Consistirá na realización dun exame tipo test a determinar polo Tribunal segundo o temario establecido no Anexo I e un caso práctico relacionado coas actividades a desenvolver no posto. Para superar esta fase é necesario acadar unha puntuación mínima de 3 puntos.

Fase II. Valoración de méritos

1. Experiencia profesional, ata un máximo de 2 puntos.

- Por servizos prestados como monitor sociocultural ou turístico en Concellos.....0,20 puntos/mes completo.
- Por servizos prestados como monitor sociocultural ou turístico noutras Administracións Públicas.....0,10 puntos/mes completo.
- Por servizos prestados en postos similares en empresas privadas.....0,05 puntos/mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante certificado de vida laboral e copia compulsada de contratos ou certificados de empresa nos que consten as funcións desempeñadas.

2. Formación complementaria, ata un máximo de 1 puntos.





Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

CONCELLO DE
A FONSAGRADA

Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 1 puntos.

- Cursos de máis de 250 horas.....0,50 puntos.
- Cursos de 100 a 250 horas.....0,25 puntos.
- Cursos de menos de 100 horas.....0,10 puntos.

A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia compulsada dos diplomas acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas.

3. Galego. Máximo 0,50 puntos.

Por coñecemento acreditado do idioma galego.

- Celga 3, Curso de iniciación ou equivalente.....0,25 puntos.
- Celga 4,Curso de perfeccionamento ou equivalente....0,50 puntos.

4. Formación académica, cun máximo de 0,50 puntos.

Por posuir titulación de formación profesional ou universitaria relacionada co posto. As titulacións puntuables serán as seguintes: Diplomado en Turismo, Graduado en Turismo, Técnico Superior en Animación Sociocultural e Turística, Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística, Técnico Superior en Animación Sociocultural, Técnico Superior en Animación Turística, Técnico Superior en Información e Comercialización Turísticas.

Total máximo en fase de proba práctica.....6 puntos

Total máximo en fase de méritos alegados.....4 puntos

9. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección será designado polo Alcalde mediante Decreto, una vez aprobadas as listas definitivas de aspirantes.

10. RELACIÓN DE ASPIRANTES E CUALIFICACIÓNS


Rematada a cualificación, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes pola orde obtida por cada un deles, seleccionándose o aspirante que acade maior puntuación.

11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Os contratos formalizaranse por escrito co aspirante seleccionado. En tanto non se formalice o contrato o aspirante proposto non terá dereito á percepción de ningunha cantidade económica.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

12. BOLSA DE EMPREGO





Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

CONCELLO DE
A FONSAGRADA

Cos traballadores non seleccionados que superaron o proceso selectivo formarase unha bolsa de reserva para o suposto de baixa, renuncia ou outras causas de cese do traballador seleccionado con anterioridade á finalización do contrato.



Cod. Validación: 654KFZPG6GERNTM73AHDCFV7 | Corrección: <http://concellofonsagrada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 5 a 7



Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

CONCELLO DE
A FONSAGRADA

ANEXO I

Tema 1. O Concello da Fonsagrada. Poboación e territorio: Parroquias e aldeas, vías de comunicación.

Tema 2.- O Concello da Fonsagrada. Organización.

Tema 3.- Principais recursos turísticos do Concello da Fonsagrada. Rutas de sendeirismo. Puntos de interese turístico. Etnografía.

Tema 4.- Feiras, festividades e actividades do Concello da Fonsagrada.

Tema 5.- Lei 7/2011 de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Disposicións xerais. Organización e competencias da Administración en materia de turismo. Dereitos e obrigas dos usuarios turísticos. Recursos, organización e calidade turísticos.

Tema 6.- Decreto 4/2015 de 8 de xaneiro, polo que se regula la declaración de festas de interese turístico de Galicia.

Tema 7.- Organización e programación de actividades socioculturales no Concello da Fonsagrada.





Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

CONCELLO DE
A FONSAGRADA

ANEXO II

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO DE SELECCION DUN MONITOR SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO

1.- POSTO DE TRABALLO AO QUE OPTA

MONITOR SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO

2.- DATOS PERSOAIS

APELIDOS	NOME
ENDERECO	
DNI	TELEFONO
Nº SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE NACEMENTO

SOLICITA:

Participar nas probas selectivas, a que se refire a presente instancia, facendo constar que tódolos datos consignados son certos e que reúno todas e cada unha das condición esixidas, referidas á data do remate do prazo sinalado para a presentación da instancia, nas bases que declaro coñecer.

A Fonsagrada , de 2019

Sinatura do solicitante

Asdo.

Documentación que se achega:

- Copia do DNI.
- Copia compulsada do título esixido.
- Copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Copia compulsada do carné de conducir (B)
- Xustificante de ter aboadado a taxa por dereitos de exame

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA FONSAGRADA

